

COMUNICADO DE PRENSA O CARBALLIÑO 27/05/16

PARTIDO POPULAR DO CARBALLIÑO LAMENTA QUE PSOE E BNG VOTASEN EN CONTRA DUNHA MOCION PARA A MELLORA DO TRANSPORTE PRESENTADA POLO PP NA DEPUTACION.

LAMENTAN ADEMÁIS QUE PSOE E BNG ANTEPOÑAN OS CELOS POR DIANTE DOS INTERESES XERAIS, E REITERAN TAMÉN QUE A UNIDADE SE MOSTRA A HORA DE VOTAR ACORDOS, MAIS QUE Á HORA DE PRESENTAR AS MOCIONS.

Dende o Partido Popular do Carballiño, lamentan que tanto PSOE como BNG, votasen en contra dunha moción presentada polo Grupo Provincial do PP na Deputación, e que insta a diversas administracions a atender as demandas trasladadas entre os propios portavoces ao Presidente da Deputación nuha reunión mantida con el.

O maior argumento esgrimido polos portavoces de PSOE e BNG foi que tacharon de oportunismo a moción presentada polo PP na Deputación, demostrando así que antepoñen os celos propios de protagonismo ante os intereses xerais da poboación do Carballiño.

Para o PP do Carballiño, a unidade demóstrase á hora de votar as propostas, máis que á hora de presentalas.

Nunca na Diputación se pudo prantexar a aprobación dunha moción exactamente igual á aprobada o 7 de abril no Concello do Carballiño, dado que aínda que no acordo tomado ese día falábase de comunicar á Deputación xunto a outros organismos dito acordo, ese acordo a data de hoxe, 50 días despois de ser tomado en pleno, aínda nin siquiera saíu do Concello.

Por certo, a moción aprobada por unanimidade no Carballiño o 7 de abril, foi presentada polo PSOE e ao PP non lle costou nada, pero nada en absoluto, poñer o seu voto a favor na mesma, cousa que non sucedeu en sentido inverso, hoxe na Deputación.

Tanto PSOE como BNG, poideron incluso mellorar a proposta con algún tipo de enmenda por añadidura, ou incluso coa presentación doutra moción, tal como tiñan anunciado, cousa que nin prantexaron, e que seguro houbera sido aprobado de igual forma.

O PP do Carballiño, sempre estará a disposición de votar a favor das mocions que se presenten referidas a unha problemática tan importante como o transporte público no noso pobo, sexan presentadas por quen sexa, e ademáis considera que falar de rotura de unidade o deito de presentar unha moción non é de recibo, mais ben non é propio do sentido común o votar en contra de algo que é beneficioso para o noso Pobo.